



BOP

MARTES, 18 DE FEBREIRO DE 2020

N.º 040

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA - 2020

XUNTA ELECTORAL PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Mª DOLORES CRUZ REQUEJO, SECRETARIA DA XUNTA ELECTORAL PROVINCIAL DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta Electoral Provincial de Lugo, para as eleccións ao Parlamento de Galicia convocadas por Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, quedou constituída no día da data da seguinte maneira:

Presidente: D. José Antonio Varela Agrelo

Vogais Xudiciais: D. José Manuel Varela Prada

D. Darío A. Reigosa Cubero

Vogais non Xudiciais:

D. Luis Alberto Lamas Novo

Dña. María Novo Pena

DPOCE: D. Jose Manuel Colmenero Alvarez

Secretaria: Dña. Mª Dolores Cruz Requejo

O que se anuncia para público e xeral coñecemento, en cumprimento do disposto no art. 14.3 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Lugo, 14 de febreiro de 2020.- A SECRETARIA, Dña. MARÍA DOLORES CRUZ REQUEJO.

R. 0377

XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE CHANTADA

Anuncio

Dª MARÍA DEL CARMEN ÁLVAREZ IGLESIAS, SECRETARIA DA XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE CHANTADA (LUGO)

Certifica: Que a Xunta Electoral de Zona de Chantada, para as eleccións autonómicas convocadas polo Real Decreto 12/2020 do 10 de febreiro de 2020 de acordo co previsto na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e na Lei 8/1985, do 13 de agosto, de elección ao Parlamento de Galicia, está composta polos seguintes membros:

Presidenta: Dona Estefanía Elena Peña Quintas, xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Chantada.

Vocais Xudiciais: Dña María Sara Sánchez Vázquez e D. José Rodríguez Vázquez, xuíces de paz dos concellos de Monterroso e Antas de Ulla, respectivamente.

Secretaria: Dona María del Carmen Álvarez Iglesias, Letrada da Administración de Xustiza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Chantada.

Dato que se pon en coñecemento do público en xeral, en cumprimento do disposto no art. 14.3 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Chantada, 14 de febreiro de 2020.- A SECRETARIA, Dña. MARÍA DEL CARMEN ÁLVAREZ IGLESIAS.

R. 0378

XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE A FONSAGRADA*Anuncio***DOÑA CARMEN DOSUNA NIETO, SECRETARIA DE LA JUNTA ELECTORAL DE ZONA DE A FONSAGRADA (LUGO)****CERTIFICO:**

Que con motivo de las elecciones al Parlamento de Galicia que se celebrarán el próximo día 5 de abril de 2020 y que fueron convocadas por Decreto 12/2020, de 10 de febrero (DOG nº 28, de 11 febrero 2020), en sesión celebrada el día 14 de febrero de 2020, esta Junta Electoral de Zona quedó constituida de la siguiente forma:

Presidente:

- CRISTINA BUSTABAD PEREZ

Vocales Judiciales:

- CARMEN INES ASEÑO PRADOS
- VITO VALIÑO AGRELO

Secretaria:

- CARMEN DOSUNA NIETO

Se expide el presente para su publicación en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, en cumplimiento de lo dispuesto en el art. 14.3 de la LOREG.

A Fonsagrada, 14 de febrero de 2020.- A SECRETARIA, DOÑA CARMEN DOSUNA NIETO.

R. 0379

XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE LUGO*Anuncio***ANA BELÉN CAJOTO BERDEAL, SECRETARIA DE LA JUNTA ELECTORAL DE ZONA DE LUGO****CERTIFICA:**

La Junta Electoral de Zona de Lugo para la celebración de las elecciones al Parlamento de Galicia convocadas por Decreto 12/2020, de 10 de febrero, de disolución del Parlamento de Galicia y de convocatoria de elecciones, publicado en el Diario Oficial de Galicia de 11 de febrero y que tendrán lugar el 5 de abril de 2020, está compuesta por los siguientes miembros:

PRESIDENTE: Ilmo. Sr. D. José Luis Deaño Rodríguez, Magistrado-Juez del Juzgado de Primera Instancia número 5 de Lugo.

VOCAL: Ilmo. Sr. Fernando López-Guitián Castro, Magistrado-Juez del Juzgado de lo Penal Nº2 de Lugo.

VOCAL: Ilma. Sra. D^a Inmaculada Concepción Santamaría Martín, Magistrada-Juez del Juzgado de vigilancia Penitenciaria Nº3 de Galicia.

SECRETARIA: D.^a Ana Belén Cajoto Berdeal, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de Vigilancia Penitenciaria Nº3 de Galicia

Y para que así conste, se expide la presente para conocimiento público, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 14.3 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General en Lugo a trece de febrero de 2020

LA SECRETARIA DE LA JUNTA ELECTORAL DE ZONA DE LUGO

Lugo, 12 de febrero de 2020.- LA SECRETARIA, D^a ANA BELÉN CAJOTO BERDEAL.

R. 0353

XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE MONDOÑEDO*Anuncio***DOÑA ANA RODRIGUEZ PUGA, Secretaria de la JUNTA ELECTORAL DE ZONA DE MONDOÑEDO (Lugo)**

CERTIFICO: Que en virtud de la prórroga establecida por el art. 15.3 de la LOREG, la Junta Electoral de Zona de Mondoñedo para las **ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA ‘ 2020**, sigue compuesta por los siguientes miembros:

Presidente:

-ANA MARIA BANDE RAMUDO

Vocales Judiciales:

- CRISTINA DIAZ RODRIGUEZ y
- PABLO MUÑOZ VAZQUEZ

Vocales no Judiciales:

- MARIA DEL CARMEN GARCIA MARTINEZ
- RAIMUNDO DIAZ VALCARCE

Secretaria:

- ANA RODRIGUEZ PUGA.

Se expide el presente para su publicación en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, en cumplimiento de lo dispuesto en el art. 14.3 de la LOREG.

Mondoñedo, 14 de febrero de 2020.- LA SECRETARIA, DOÑA ANA RODRIGUEZ PUGA.

R. 0380

XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

SONIA MARÍA ESPIÑEIRA VILARIÑO, SECRETARIA DE LA JUNTA ELECTORAL DE ZONA DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO)

Que la composición de la Junta Electoral de Zona de Monforte de Lemos para las elecciones al Parlamento de Galicia convocadas por el Decreto 12/2020, de 10 de febrero, de disolución del Parlamento de Galicia y de convocatoria de elecciones queda constituida por los siguientes miembros:

PRESIDENTE: Doña Mónica Ferreiro Quintas, Juez Titular del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción nº 1 de Monforte de Lemos.

VOCALES JUDICIALES: Don César Antonio Saco Figueiras, Juez del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción nº 2 de Monforte de Lemos y Doña Manuela López López, Juez de Paz de Bóveda.

SECRETARIA: Doña Sonia María Espiñeira Vilariño, Letrado Sustituta de la Administración de Justicia del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción nº 1 y Decano de Monforte de Lemos.

Lo que se pone en conocimiento en cumplimiento de lo dispuesto en el párrafo tercero del artículo 14 de la Ley Orgánica del Régimen Electoral General. Doy fe.

Monforte de Lemos, 14 de febrero de 2020.- LA SECRETARIA, DOÑA SONIA MARÍA ESPIÑEIRA VILARIÑO.

R. 0381

XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE VILALBA

Anuncio

Ana Cadenas Fernández, Secretaria de la Junta Electoral de Zona de Vilalba, Lugo

HAGO SABER, que al amparo de lo previsto en el art. 15.3 de la Ley Orgánica de Régimen Electoral General ha quedado prorrogado el mandato de esta **JUNTA ELECTORAL DE ZONA DE VILALBA**, para las Elecciones Autonómicas convocadas por Decreto 12/2020, de 10 de febrero, que tendrán lugar el 5 de abril de 2020, siendo sus miembros:

PRESIDENTE:

- Doña PURIFICACIÓN PRIETO PICOS, Juez de Primera Instancia e Instrucción de Vilalba nº 2

VOCALES JUDICIALES:

- Doña MARÍA YANET PUGA PÉREZ, Juez de Primera Instancia e Instrucción de Vilalba nº 1

- Doña MARÍA LUISA LÓPEZ YAÑEZ, Juez de Paz de Xermade.

SECRETARIA:

- Doña, ANA CADENAS FERNÁNDEZ, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado Decano de Vilalba, Lugo.

Y así lo hago constar a los efectos oportunos

Vilalba, expido y firmo la presente en Vilalba, a 13 de febrero de 2020.

ANA CADENAS FERNÁNDEZ, SECRETARIA DE LA JUNTA ELECTORAL DE ZONA DE VILALBA- LUGO

Vilalba, 14 de febrero de 2020.- LA SECRETARIA, ANA CADENAS FERNÁNDEZ.

R. 0382

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DISEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES)

Anuncio

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DISEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES)

CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DIRECTAS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL TRAMITADAS POLA ÁREA DE DEPORTES DESTE ORGANISMO PROVINCIAL CORRESPONDENTES Á ANUALIDADE 2019.

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a xestión das subvencións rexerase, entre outros, polos principios de publicidade e transparencia, así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 18 da lei de referencia e no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dáselle publicidade ás subvencións directas de carácter excepcional concedidas pola Excma. Deputación Provincial de Lugo referidas á anualidade 2019

ÁREA	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	OBJECTO	APLICACIÓN	IMPORTE	ANO
Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica	Deportes	GALIORENT SPORT'S	G70314406	Raid Gallaecia Arws	3410.48911	10500	1
Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica	Deportes	CLUB KORBIS	G27448752	Campionato de España cadete masculino 2019	3410.48911	2000	1
Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica	Deportes	SOCIEDAD DEPORTIVA BECERREÁ	G27136670	Promoción do fútbol base na Comarca dos Ancares	3410.48911	6000	1
Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica	Deportes	CD BURELA FUTBOL SALA	G27272251	I Copa de la Reina Fútbol Sala Feminino	3410.48911	21000	1
Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica	Deportes	FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBY	G15111156	Campionato de España de Rugby Seven feminino	3410.48911	5000	1

Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica	Deportes	CLUB ESTUDIANTES LUGO	G27032127	Campionato España infantil masculino 2019	3410.48911	25000	1
Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica	Deportes	CLUB PESCA RIO CABE	G27503721	Inicio á pesca e preparación competición para nenos	3410.48911	2992,50	1
Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica	Deportes	SD XOVE FS	G27396241	Gastos tempada fútbol sala	3410.48911	15000	1
Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica	Deportes	ASOCIACIÓN PESCADORES A SEIMEIRA	G27248913	Concurso pesca fluvial e Irmandade de pescadores	3410.48911	3000	1
Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica	Deportes	E.D LOURENZÁ	G27211994	Torneo Lourenzá en xogo 2019	3410.48911	17056,25	1
Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica	Deportes	ADC SAGRADO CORAZÓN	G27183631	I Torneo autonómico de fútbol base de Semana Santa	3410.48911	2950	1
Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica	Deportes	CLUB TIRO CASTELARCO	G27353622	Curso de monitores de ámbito autonómico	3410.48911	950	1

A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez, O Presidente, P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0330

CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

Ao non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO PARA A INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE HOSTALERÍA DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO PARA A INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE HOSTALERÍA DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA

A presente Ordenanza ven a regular, dentro do marco da competencia municipal e ao abeiro do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a instalación de terrazas de hostalaría nos espazos de uso público do Concello de Antas de Ulla.

Trátase de buscar un marco normativo que posibilite o desenvolvemento da actividade hostaleira de xeito beneficioso para os negocios, así como para o uso e disfrute dos veciños, que permita a consideración do espazo público como un espazo de convivencia e disfrute colectivo.

O Concello estudou a creación da presente normativa coa finalidade de regular a instalación de terrazas de hostalería, con finalidade lucrativa, de xeito que a utilización e ocupación dos espazos públicos non interfira co normal uso e disfrute dos mesmos por parte dos veciños, buscando se garanta, entre outros aspectos, a correcta mobilidade e tránsito dos peóns e o adecuado mantemento das zonas públicas ocupadas nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato, todo elo co obxectivo de asegurar o equilibrio de intereses entre o sector hostaleiro e os usuarios da vía pública.

ARTIGO 1. NATUREZA, FUNDAMENTO E OBXECTO

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa por ocupación do espazo público para a instalación de terrazas de hostalería, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao disposto no artigo 57 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa o aproveitamento de terreos de dominio público e espazos privados de acceso libre e uso público, mediante a súa ocupación temporal con terrazas, no exterior de establecementos hostaleiros e que constitúan complemento da actividade que se ven exercendo no interior dos referidos locais.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS

Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou que se beneficien ou realicen os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Se o aproveitamento se realizase sen obter licenza ou autorización, considerarase que ten a condición de suxeito pasivo o titular da empresa que explote a instalación á que estea afecto o elemento situado en terreo de uso público.

Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. PROHIBICIÓNS E LIMITACIÓNS

Queda prohibida a instalación de billares, futbolíns, máquinas recreativas, de azar, e de calquera outro tipo análogo nas terrazas obxecto de regulación na presente Ordenanza.

Queda prohibida a instalación de calquera clase de aparellos reprodutores de imaxe e son, así como a celebración de espectáculos ou actuacións musicais, agás autorización municipal expresa.

Queda prohibida a instalación de calquera clase de aparellos de cociña que provoquen fumes ou cheiros (tales como barbacoas, grellas, etc.), agás autorización municipal expresa.

Queda prohibido almacenar ou apilar xunto ás terrazas produtos, materiais e elementos móbiles (mostradores e similares), así como residuos propios da instalación, tanto por razón de estética e ornato, como por hixiene.

Así mesmo, a autoridade municipal competente poderá, de maneira suficientemente razoada, denegar a solicitude destas instalacións en calquera dos seguintes supostos:

- Que supoñan prexuízo para a seguridade viaria.
- Que polas súas características, a instalación da terraza poida obstaculizar ou resultar inconveniente para o correcto tránsito peonil.
- Que dificulte a intervención de servizos, públicos ou privados, en caso de urxencias, tales como bombeiros, ambulancias, etc.
- Que reste visibilidade a outros establecementos.
- Que impida ou dificulte de forma considerable o libre acceso a inmobles, garaxes, pasos de peóns e similares.

ARTIGO 6. OBRIGAS

Sen prexuízo das obrigas de carácter xeral e das que se deriven da aplicación da presente Ordenanza, será obriga do titular da instalación:

- Respetar as condicións impostas na autorización concedida.

- Manter, tanto o chan, como a terraza e cada un dos elementos que a compoñan nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. A tales efectos estarán obrigados a dispor dos elementos de recollida e almacenamento de residuos que puidesen lixar o espazo público.
- Os titulares das terrazas teñen a obriga de retirar e agrupar ao remate de cada xornada os elementos de mobiliario instalados, así como de realizar os labores de limpeza necesarios, especialmente, as tarefas de limpeza do chan ocupado.
- Velar para que os usuarios non alteren a orde nin realicen actividades ruidosas que lles xeren molestias aos veciños ou aos demais usuarios do espazo público.

ARTIGO 7. BASE IMPOÑIBLE

Tomarase como base para determinar o importe a pagar o número de metros cadrados que comprenda o aproveitamento delimitado pola ocupación permitida na correspondente licenza.

ARTIGO 8. TARIFAS

Establécense as seguintes:

1. ANUAL (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro).

Por cada m² de terreo de uso público delimitado con mesas, cadeiras, veladores, paraventos, macetas xardineiras, parasoles, tarimas ou plataformas e outros elementos análogos, ao ano 5,00 €.

2. TEMPADA (do 1 de maio ao 30 de outubro).

Por cada m² de terreo de uso público delimitado con mesas, cadeiras, veladores, paraventos, macetas xardineiras, parasoles, tarimas ou plataformas e outros elementos análogos, ao ano 3,00 €.

Establécese unha tarifa mínima, de 20,00 €, que será esixida en caso de que por aplicación dos epígrafes anteriores non se alcance o importe establecido nesta.

ARTIGO 9. XERACIÓN DA TAXA.

A taxa xerarase na súa totalidade no momento da solicitude da licenza ou ao iniciarse o aproveitamento cando non se tivese obtido a correspondente licenza.

ARTIGO 10. NORMAS DE XESTIÓN

Cando se presente solicitude de licenza ou autorización para a realización dos aproveitamentos previstos nesta Ordenanza haberá de efectuarse o ingreso anticipado en concepto de depósito previo correspondente á cota do exercicio en que esta se liquida, sen cuxo requisito non se tramitará o expediente para a concesión do aproveitamento.

Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante.

A resolución que conceda a licenza aprobará simultaneamente unha liquidación provisional ordenando as devolucións ou practicando as liquidacións complementarias que procedan. En caso de que non se concedera a licenza ou autorización, procederase á devolución do depósito constituído, salvo que se acredite a ocupación.

As posteriores cotas (anuais ou de tempada) serán esixible desde o primeiro día do ano natural, se ben se poderá elaborar un Padrón anual, para ámbolos dous aproveitamentos, que sería obxecto de notificación colectiva. Non será necesario notificar expresamente as variacións recollidas no consignado en declaracións ou documentos presentados polo contribuínte.

O período impositivo para as tarifas anuais sinaladas no artigo 6 desta Ordenanza coincidirá co ano natural. Tales cotas son irreducibles, salvo nos casos en que a declaración de alta ou baixa na ocupación non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas se calcularán proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o de comezo ou finalización do exercicio da actividade. Así mesmo, a devolución das cotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa na prestación do servizo, deberá ser solicitada por este, e tramitarse conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos indebidos.

Na tramitación da licenza observaranse as prescricións contidas na presente Ordenanza municipal reguladora da ocupación do espazo público para a instalación de terrazas.

ARTIGO 11. INFRACCIÓN

O incumprimento das disposicións da presente Ordenanza poderá dar lugar á comisión das infraccións que se recollen a continuación, en cuxo caso se tramitará o oportuno expediente sancionador para depurar a responsabilidade administrativa en que se puidese ter incorrido.

A inspección e control para verificar o cumprimento da presente Ordenanza correspóndelle aos servizos técnicos municipais.

As infraccións das normas contidas na presente Ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Son faltas leves:

- Instalación da terraza sen autorización.
- Incumprimento da obriga de manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.
- O deterioro leve dos elementos de mobiliario e ornamentais urbanos colindantes co establecemento, que se produzan como consecuencia da actividade obxecto de autorización.
- A ocupación de maior superficie da autorizada en menos do 10%.

Son faltas graves:

- A reiteración, por 2 veces no prazo de 6 meses, na comisión de faltas leves.
- O deterioro grave dos elementos de mobiliario e ornamentais urbanos colindantes co establecemento, que se produzan como consecuencia da actividade obxecto de autorización.
- A ocupación de maior superficie da autorizada en máis do 10%.

Son faltas moi graves:

- A reiteración, por 3 veces no prazo de 6 meses, na comisión de faltas graves.
- A desobediencia aos lexítimos requirimentos dos servizos de inspección e/ou autoridades.

ARTIGO 12. SANCIÓN

As infraccións da Ordenanza tipificadas no artigo anterior serán sancionadas:

- As faltas leves con multa de 60,00 a 200,00 euros.
- As faltas graves con multa de 201,00 a 500,00 euros.
- As faltas moi graves con multa de 501,00 a 1.000,00 euros, podendo ser revogada a licenza.

Na imposición de sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada, debéndose seguir para a gradación das sancións a aplicación dos seguintes criterios:

- A gravidade da infracción.
- O prexuízo causado.
- A reiteración.
- A intencionalidade.

ARTIGO 13. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE. COMPATIBILIDADE

1. As responsabilidades administrativas que resulten do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como a indemnización polos danos e perdas causados.
2. Sen prexuízo do exercicio da potestade sancionadora e doutras potestades recoñecidas polo ordenamento xurídico, o incumprimento dos preceptos desta Ordenanza poderá dar lugar á adopción das medidas que resulten procedentes co fin de restablecer a legalidade infrinxida.
3. Nos supostos nos que o Concello comprobe a instalación de terrazas sen contar coa autorización preceptiva ou acorde a revogación ou suspensión da mesma, requirirase ao titular para que retire da vía ou espazo público os elementos da terraza no prazo de dez días hábiles, con apercibimento de que, en caso de non cumprir o ordenado, se procederá á execución forzosa, mediante execución subsidiaria por conta do obrigado.

Antas de Ulla, 12 de febreiro de 2020.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 0331

BARREIROS

Anuncio

Faise público para Xeral coñecemento que de conformidade co establecido na Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, convócase eleccións para os cargos de Xuíz de Paz titular e substituto do Municipio de Barreiros.

Requisito: Ser español, maior de idade e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Presentación: Os interesados presentarán as súas solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de quince días hábiles a partir do día seguinte da publicación deste edicto no BOP

Documentos que se achegarán:

- Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do D.N.I.
- Certificación do Rexistro Central de Penado e Rebeldes e declaración complementaria de non estar inculpado ou procesado, conforme á Lei 68/1980.
- Certificado médico de non padecer doenza que incapacite para o exercicio do cargo de xuíz de paz.
- Declaración xurada de non estar incurso en causas de incapacidade para exercer o cargo
- Xustificación dos méritos que se alegue, no seu caso.

Barreiros, 10 de febreiro de 2020.-A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0332

CARBALLEDO*Anuncio*

De conformidade co disposto en resolución de Alcaldía ditada con data 11 de febreiro de 2020 en proceso de consolidación de emprego temporal convocado polo Concello de Carballedo procédese á publicación da composición do Tribunal calificador, lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, e do lugar, data e hora de celebración da primeira proba.

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o expediente do proceso selectivo convocado polo Concello de Carballedo (BOE de 28 de decembro de 2019) para a cobertura de tres prazas de operario de servizos múltiples conforme ao disposto nas Bases Xerais aprobadas con data 5 de xullo de 2018 (publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Nº 226 do 1 de outubro de 2018) e nas Bases Específicas aprobadas con data 5 de decembro de 2019 (publicadas no BOP do 16 de decembro de 2019).

Vistas que todas as solicitudes presentada polos aspirantes cumpren cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

Vistas as competencias conferidas en materia de Réxime Local

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as segundo figura no ANEXO I da presente resolución.

SEGUNDO.- Designar aos seguintes membros, titulares e suplentes, do Tribunal Calificador das probas:

TITULARES:

Presidente: D. Santiago Mansilla Vázquez. Secretario-Interventor do Concello de San Cristovo de Cea

Vogais:

D. David Sampaio Novoa. Axente Facultativo Medioambiental da Xunta de Galicia.

D. Alberto Ledo Moure. Axente Facultativo Medioambiental da Xunta de Galicia

D. Dionisio Fente Gómez. Capataz encargado de Obras do Concello de Taboada

Secretario: D. Fernando Torre Comesaña. Secretario-Interventor do Concello de Carballedo

SUPLENTES:

Presidente: D^a. Alejandra Pardo Vázquez. Secretaria do Concello de Cariño (A Coruña)

Vogais:

D. Carlos Piñeiro Sarmiento. Secretario do Concello de O Rosal (Pontevedra).

D^a Irene Suárez López. Secretaria Interventora do Concello de Corcubión (A Coruña)

D^a. María Concepcion Fernández-Novoa Valladares, secretaria-interventora do Concello de Vilamarín (Ourense).

Secretario. D. José Manuel González Trigás. Secretario Interventor do Concello de A Peroxa (Ourense)

Terceiro.- Sinalar como data, hora e lugar para a realización da primeira proba o **martes día 17 de marzo de 2020 ás 10:00 horas no Concello de Carballedo, situado na Praza V. Portomeñe s/n, A Barrela.**

Cuarto.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

ANEXO I

Lista definitiva de aspirantes admitidos/as excluídos/as

ADMITIDOS:

D. JAVIER LÓPEZ LORENZO, con DNI 444.....-X

D JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ TUMBEIRO, con DNI 766.....-L

D. FRANCISCO BLANCO GARCÍA, con DNI 766.....-E

D. MANUEL DOMÚNGUEZ NOVOA, con DNI 349.....-G

EXCLUÍDOS:

Ningún excluído"

Carballedo, 11 de febreiro de 2020.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 0333

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de xaneiro de 2020 aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó cuarto trimestre do exercicio 2019.

O importe total do padrón ascende a trece mil catrocentos oitenta euros e sesenta e dous céntimos de euro (**13.480,62€**), sendo o período voluntario de cobro dende o **día 01 de febreiro de 2020 ao 01 de abril de 2020** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resume do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERIODO. 4º trimestre 2019.

NÚMERO DE PÁXINAS: 39

NÚMERO DE RECIBOS: 603

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

IMPORTE TOTAL: Auga 9.812,00€; IVE: 981,20€; Canon Xunta Cota fixa: 1.312,65€; Canon Xunta Cota Variable: 1.374,77€, Total importe padrón: 13.480,62€.

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interporse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real DecretoLexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 6 de febreiro de 2020.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 0334

COSPEITO*Anuncio*

Iniciado expediente por acordo do Pleno da Corporación de data 30 de xaneiro de 2020 para investigar a titularidade da parcela cuxos datos identificativos catastrais se detallan a continuación, de conformidade co artigo

49 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública, polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia :

1.1.- Parcela catastral número 219, do polígono 24, de referencia 27015A024002190000SI.

1.2.- Edificación de referencia catastral 001001900PH18H0001LB.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Cospeito, 12 de febreiro de 2020.- O Alcalde, Armando Castosa Alvareño.

R. 0335

A FONSAGRADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 23.01.2020, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de decembro de 2019 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 10.810,85 € e Programa Básico de Axuda no Fogar por un importe de 688,80 €.

Exposición: O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP.

Recursos: Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinalo e formular, contra o acto que se notifique perante a Xunta de Goberno Local, o recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no PRAZO DUN MES contado dende o día seguinte ao de finalización do devandito período de exposición pública do Padrón Fiscal. Contra a resolución recaída no recurso administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ao da presentación do desestimado, con efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. Nembargantes, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Carga de recibos domiciliados: Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan endebdados nas contas dos seus clientes.

O que se anuncia e se fai público para xeral coñecemento do presente ANUNCIO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación e 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 3 de febreiro de 2020.- O alcalde, Carlos López López.

R. 0336

FOZ

Anuncio

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial de data 12/12/2019, aprobatorio do **REGULAMENTO DO PROGRAMA "XANTAR NA CASA" DO CONCELLO DE FOZ**, cuxo texto íntegro faise público para o seu xeral coñecemento, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

REGULAMENTO DO PROGRAMA "XANTAR NA CASA" DO CONCELLO DE FOZ

FUNDAMENTACIÓN

Os poderes públicos deberán asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares.

A Constitución española atribúe a competencia nesta materia a través do artigo 148.1.20 ás Comunidades Autónomas e estas, no marco dos seus estatutos, promulgaron as leis de servizos sociais (en Galicia, a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia).

O Estatuto de Autonomía de Galicia encomenda no seu artigo 4.2 ós poderes públicos de Galicia a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a

participación de todos os galegos e galegas na vida económica, cultural e social; e no apartado 23 do artigo 27 atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter exclusivo, competencia en materia de asistencia social.

Pola súa banda, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece nas competencias dos municipios a prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social e establece no seu artigo 25.2.e) que o municipio exercerá como competencia propia, nos termos establecidos na lexislación do Estado e Comunidades Autónomas, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situacións ou risco de exclusión social.

A Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia, establece como principio de responsabilidade pública, entre outros, dispensar especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias e mais a aquelas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 4, establece que os principios dos servizos sociais rexeranse, entre outros, polos principios de universalidade, prevención, acción integral e personalizada, autonomía persoal e vida independente, integración e normalización, coordinación e planificación, descentralización e proximidade e calidade de vida. Ademais no capítulo II da lei faise referencia ao catálogo de servizos sociais, e concretamente no artigo 20 defínense os servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica, contemplando dentro destes, no punto d) o servizo de axuda no fogar e no punto g) a manutención, xa sexa en locais de atención colectiva ou no propio domicilio da persoa usuaria. Seguindo coa Lei de servizos sociais de Galicia, o artigo 29.1, que foi modificado pola Lei 8/2016 de 8 de xullo, establece as "Formas de prestación dos servizos sociais", establecendo que os servizos sociais serán prestados polas administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas: a) xestión directa; b) xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público; c) mediante réxime de concerto social previsto na lei; d) mediante convenios con entidades sen ánimo de lucro. Na orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, xa se fai referencia no artigo 3.2.c) que un dos obxectivos do servizo de axuda no fogar é favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio; e no artigo 4.1.c) establece como unha das atencións de carácter básico a preparación de alimentos, podendo ser facilitado este tipo de servizo por programas específicos de alimentación a domicilio. Dende os programas de atención a persoas maiores e dependentes que se realizan dende os servizos sociais do noso concello, detectouse un crecente número de persoas con dependencia que viven soas ou que pasan parte do día soas. Esta situación en moitos casos repercute nunha mala alimentación unida ós perigos que supón a elaboración das comidas (gas, cociña de leña, auga quente...) ou mesmo a realización da compra. Ademais na maioría dos casos non existe variedade nin calidade nos alimentos influíndo negativamente na súa saúde, ao non coidar axeitadamente as súas necesidades nutricionais.

O Concello de FOZ adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio da sinatura dun convenio e manifestou a súa vontade de formar parte da implantación do programa "Xantar na Casa". En base a isto, e co fin de proceder ao desenvolvemento do citado programa no concello, ambas partes asinan en data do 31 de xullo de 2019 un "Convenio de colaboración para o desenvolvemento do Programa Xantar na Casa", concibindo este programa como un servizo de atención aos colectivos de persoas maiores e persoas en situación de risco de exclusión coa finalidade de mellorar a súa calidade de vida, prestando un apoio dentro do propio domicilio, no que se atopan cunha serie de limitacións e que lles impide ter unha adecuada cobertura alimenticia. Este servizo proporciona a posibilidade de complementar o servizo de axuda no fogar que presta o Concello de Foz e atender ás necesidades relacionadas coa alimentación de persoas maiores e a colectivos de risco de exclusión social que precisen do servizo e así manter ao máximo a propia capacidade de independencia e autonomía posibilitando a permanencia nos seus propios fogares nunhas condicións aceptables, prestar máis atención e coidados ás persoas que o precisen no seu propio contorno, evitar o desarraigo ou retardar posibles institucionalizacións. En base a este convenio elaborase o seguinte regulamento.

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. O programa "Xantar na Casa" artéllase a través da xestión por parte do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar Social en colaboración coa Consellería de Política Social e co Concello de FOZ a través dun convenio de colaboración.

2. É obxecto do presente regulamento establecer o procedemento para a concesión do servizo de xantar na casa as posibles persoas beneficiarias do Concello de FOZ.

Artigo 2.-Finalidade.

O programa "Xantar na Casa" é un servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade, adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, con déficits de autonomía persoal, ademais de cubrir as necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

Artigo 3.-Obxectivos.

1. O obxectivo principal é mellorar o nivel de benestar e de calidade de vida das persoas beneficiarias e tamén das súas familias, manténdolas no seu contorno comunitario e retardando ou evitando a institucionalización.

2. Os obxectivos específicos son:

- a) Proporcionar ás persoas beneficiarias unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo os casos de xeito individualizado e profesionalizado.
- b) Evitar o deterioro da calidade de vida das persoas beneficiarias por teren unha dieta inadecuada.
- c) Previr situacións de risco que se poidan producir no proceso de preparación e elaboración da comida.
- d) Facilitar un respiro ás familias e ós coidadores e impulsar medidas de apoio á conciliación da vida familiar e laboral.
- e) Facer un seguimento individualizado de cada situación por parte dos profesionais que interveñen no servizo.

TÍTULO II: PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 4.–Persoas beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias do programa “Xantar na Casa” as seguintes persoas:

- a) Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidese suplir tal situación.**
- b) Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, e que requiren de axuda para a preparación de alimentos.**
- c) Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, tecnicamente avaliada polos servizos sociais e sempre que se estea intervindo desde outro programa para resolver a súa situación de exclusión.**

Artigo 5.–Requisitos.

- a) Residir e estar empadroadado/a no concello de FOZ.
- b) Presentar unha situación de dificultade para desenvolver axeitadamente o proceso de compra, preparación e elaboración de comidas.
- c) Carecer de posibilidades persoais e familiares para cubrir axeitadamente esta necesidade. Se a persoa solicitante é dependente non solo para a preparación e elaboración dos menús, senón para inxerir os mesmos, requirirase para a prestación do servizo, o compromiso de colaboración dalgunha persoa relacionada ca/o solicitante ou o acceso, a un servizo complementario.
- d) Dispoñer no domicilio de microondas e frigorífico que se adapte ás necesidades do servizo.

TÍTULO III: XESTIÓN E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Artigo 6.–Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes.

1. A persoa interesada no servizo de “xantar na casa” deberá de presentar a solicitude individual conforme ao modelo establecido no anexo I, que deberá de ir acompañada da documentación especificada no artigo 7.
2. A solicitude deberá presentarse no rexistro xeral do Concello de FOZ de xeito presencial ou a través de sede electrónica ou en calquera outro dos rexistros públicos aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
3. As solicitudes poderán presentarse en calquera momento do ano.

Artigo 7.–Documentación.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- a) Copia do DNI da persoa solicitante, do representante legal e/ou gardador de feito. No suposto de estranxeiros/as, documento acreditativo da súa identidade.
- b) Copia da tarxeta sanitaria.
- c) Certificado de empadroamento e de convivencia.
- d) Copia do certificado de grao de discapacidade, de ser o caso.
- e) Copia do certificado do grao de dependencia, de ser o caso.
- f) Informe médico de atención primaria selado e correctamente cumprimentado conforme ao modelo establecido no anexo III (imprescindible cubrir o tipo de dieta recomendada).
- g) Xustificantes dos ingresos económicos: teranse en conta os ingresos mensuais netos da persoa solicitante.

Cando a persoa solicitante se atope vinculada a outra persoa por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, as rendas de ambos terán consideración de rendas computables entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos dos dous membros de la parella.

Deberá achegarse:

- g.1) Certificado de pensións mensuais (viuvez, orfandade, non contributiva...) ou calquera outros ingresos (nómina, paro...) correspondentes ao ano no que se formula a solicitude.
- g.2) Fotocopia da declaración do IRPF do último ano ou, no seu defecto, certificado negativo; ou ben autorización ao Concello de FOZ para acceder aos datos tributarios debidamente asinada por tódolos membros que formen parte da unidade familiar de convivencia. No caso de existir variación substanciais na situación económica actual, asinarase unha declaración responsable das condicións económicas concorrentes na data da solicitude e a documentación xustificativa de dita situación.
- h) Autorización de domiciliación bancaria conforme ao modelo establecido no anexo IV, asinada pola persoa interesada e a entidade bancaria.
- i) Compromiso de contrato das persoas beneficiarias do servizo “Xantar na Casa” conforme ao modelo establecido no anexo II.
- j) Outros documentos que poidan ser determinantes para a valoración do expediente.

Artigo 8.–Procedemento para a concesión do servizo.

1. Presentada a solicitude conforme ao establecido no artigo 6 serán os servizos sociais quen reciban o expediente e comproben que a solicitude este completa.
2. No caso de que a solicitude estivera incompleta e non reunira os requisitos necesarios para a súa tramitación, requirirase a persoa solicitante para que, de conformidade co disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 10 días emende os defectos e/ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, entenderase que desiste do seu pedimento, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 de dito texto legal.
3. Os servizos sociais do Concello de Foz realizarán cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos presentados pola persoa solicitante, avaliando as solicitudes segundo os requisitos e baremo estipulados no presente regulamento.
4. O/a Traballador/a Social realizará un informe social conforme ao modelo establecido no anexo V emitindo a proposta de concesión ou denegación que será elevada ao órgano competente para a posterior resolución, que deberá axustarse necesariamente ás características establecidas no presente regulamento.
5. A resolución-proposta das persoas beneficiarias do servizo de xantar na casa será remitido ao Consorcio conforme ao modelo establecido no anexo VI establecido no convenio de colaboración, ordenada segundo os criterios de selección.
6. A prestación do servizo quedará supeditado en todo momento a existencia de prazas dispoñibles. Unha vez cubertas todas as prazas existentes, as solicitudes pasarán a unha lista de agarda segundo os criterios establecidos no presente regulamento.
7. A prestación do servizo obxecto deste regulamento supeditarase á dispoñibilidade orzamentaria existente en cada momento e á continuidade do Programa Xantar na Casa.

Artigo 9.–Resolución e notificación.

1. De acordo co artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as axudas contempladas neste regulamento serán resoltas pola alcaldía, concedendo ou denegando o servizo solicitado, sen prexuízo das delegacións que poidan autorizarse, de acordo co previsto na citada norma.
2. A resolución adoptada, debidamente motivada, será notificada ás persoas interesadas no domicilio que figure no expediente a efectos de notificacións. A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude de achega, sen prexuízo do indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
3. A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo dun mes, segundo o sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo de dous meses, segundo o indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Artigo 10.–Derivación e coordinación co Consorcio.

- 1.- Tras a resolución de concesión por parte do órgano competente, o Concello de FOZ comunicará os datos da persoa interesada ao Consorcio conforme ao modelo establecido no anexo VI, tal e como se indica no artigo 8.5.
2. O Consorcio comunicará o inicio da prestación do servizo á:
 - Empresa adxudicataria, que iniciará o servizo nos 10 días naturais seguintes
 - Persoa beneficiaria

- Departamento de Servizos Sociais do Concello de FOZ.

3. No caso de modificacións, baixa voluntaria definitiva ou baixa temporal, os servizos sociais municipais comunicarán ao Consorcio as variacións oportunas para o reparto de xantares, segundo os modelos establecidos no convenio de colaboración asinado.

TÍTULO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Artigo 11.-Criterios para a baremación das solicitudes.

1. Os criterios para a baremación das solicitudes do servizo xantar na casa aplicaranse cando se cumpra co establecido nos artigos 4 e 5 do presente regulamento, e faranse de acordo cos seguintes apartados (deberá marcarse unha soa opción dentro de cada apartado):

BAREMO DE VALORACIÓN	
1.- UNIDADE DE CONVIVENCIA (máximo 10 puntos)	
A persoa vive soa con problemas de mobilidade	10 ptos
A persoa vive soa	8 ptos
Convivencia con menores ou outra persoa con déficits de saúde, recoñecidos médicamente, que lle impiden a prestación da axuda	6 ptos
Convivencia con persoas sen habilidades para prestar a axuda ou con dificultade para adquirilas	4 ptos
A/s persoa/s coidadora/s pasan toda a xornada fóra do domicilio por causas laborais ou familiares	2 ptos
A/s persoa/s coidadora/s están desocupados, sen cargas familiares ou laborais, nin presentan dificultades de saúde que lles impida prestar esta atención	0 ptos
2.- EXISTENCIA DE MEMBROS DA REDE INFORMAL DE APOIO (máximo 5 puntos)	
Ausencia de relación	5 ptos
Persoas da veciñanza ou amigos	3 ptos
Familia extensa	2 ptos
Fillos/as	1 pto.
3.- DINÁMICA RELACIONAL (máximo 4 puntos)	
Relacións conflitivas	4 ptos
Ausencia de relación	3 ptos
Relacións escasas	2 ptos
Relacións normalizadas	1 pto.
4.- VIVENDA	
4.1.- Tipo de Vivenda (máximo 3 puntos)	
Piso, apartamento, vivenda unifamiliar	3 ptos
Habitación, pensión alugada, vivenda colectiva	2 ptos
Chabola, prefabricado, caravana	1 pto.
4.2.- Réxime de Tenenza (máximo 3 puntos)	
Alugada, realugada	3 ptos
En réxime de cesión	2 ptos
Propia ou dalgún membro da unidade familiar	1 pto.
4.3.- Condicións de Habitabilidade (máximo 4 puntos)	
Adecuadas	1 pto.
Amoreamento	2 ptos
Malas condicións de habitabilidade e/ou carencia dalgún servizo básico	3 ptos
Insalubridade, inhabitabilidade	4 ptos
4.4.- Accesibilidade da vivenda (máximo 3 puntos), non puntuando no caso de persoas en situación de exclusión social	
Con barreiras no interior da vivenda	3 ptos
Con barreiras no acceso a vivenda	2 ptos
Con adaptacións funcionais	1 pto.
4.5.- Localización da vivenda (máximo 5 puntos)	
Rural - Illada/Alta dispersión	5 ptos
Rural	3 ptos
Urbana	1 pto.
4.6.- Acceso a equipamentos e recursos (máximo 3 puntos)	
Comunicacións deficientes	3 ptos
Boas ou aceptables comunicación básicas	1 pto.

5.- SITUACIÓN ECONÓMICA (máximo 15 pts)

Totalidade dos ingresos mensuais netos do solicitante prorrrateándose as pagas extras e incrementándose cós rendementos bancarios, rendas, plusvalías, etc..., derivados tanto do traballo e pensións coma do capital e/ou de produtos financeiros dos que sexan titulares e/ou calquera outros ingresos.

Menor ou igual ó 100% IPREM	Menor/= a 532,51€	15 pts
Maior do 100% IPREM e menor ou igual ó 125% IPREM	De 532,52 a 665,64	12 pts
Maior do 125% IPREM e menor ou igual ó 150% IPREM	De 665,65 a 798,77	8 pts.
Maior do 150% IPREM e menor ou igual ó 200% IPREM	De 798,78 a 1065,02	4 pts.
Maior do 200% IPREM	Maior de 1065,03€	0 pts.

A capacidade económica da persoa usuaria do servizo calcularase tendo en conta os ingresos mensuais netos da persoa solicitante correspondente ao ano no que se formula a solicitude. Teranse en conta, ademais, o cónxuxe ou parella de feito e as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes:

a) Cando a persoa solicitante se atope vinculada a outra persoa por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, as rendas de ambos terán consideración de rendas computables entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos dos dous membros da parella.

b) Cando a persoa beneficiaria conviva con ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos ou maiores en situación de discapacidade (recoñecida polos equipos de valoración de discapacidade), que dependesen economicamente dela; a capacidade económica determinarase sumando a renda da persoa interesada e a de cada convivinte economicamente dependente e dividíndoa entre todos eles. Considerarase persoa economicamente dependente aquela que non perciba ningún ingreso.

A declaración da renda ou certificado de imputacións da Axencia Tributaria do último exercicio terase en conta aos efectos da valoración social do/a traballador social de referencia.

6.- AUTONOMÍA PERSOAL (máximo 4 puntos)**6.1.- ACTIVIDADES RELACIONADAS COA VIDA DIARIA**

6.1.1. VESTIMENTA (máximo 4 puntos)	
Incapaz de vestirse sen axuda	4 pts
Precisa algunha axuda para vestirse	3 pts
Vístese só pero incorrectamente	2 pts
Vístese sen axuda e correctamente	1 pto.
6.1.2. ASEO (máximo 4 puntos)	
Incapaz de asearse sen axuda	4 pts
Precisa algunha axuda para asearse	3 pts
Aséase só pero incorrectamente	2 pts
Aséase sen axuda	1 pto.
6.1.3. ALIMENTACIÓN (máximo 4 puntos)	
Presenta problemas de nutrición e é incapaz de alimentarse	4 pts
Non se alimenta correctamente e precisa axuda	3 pts
Aliméntase correctamente con axuda mínima	2 pts
Aliméntase correctamente e sen axuda	1 pto.
6.2. ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROGRAMACIÓN E PREPARACIÓN De COMIDAS	
6.2.1. COMPRA DE ALIMENTOS (máximo 4 puntos)	
Non realiza esta actividade	4 pts
Necesita axuda para a súa realización	3 pts
Realiza esta actividade só/soa	1 pto.
6.2.2. ORGANIZACIÓN DOS MENÚS E SEGUIMENTOS DE DIETAS (máximo 4 puntos)	
Non realiza menús variados e non segue os consellos médicos	4 pts
As veces fai comidas variadas seguindo os consellos médicos	3 pts
Fai comidas variadas e segue sempre os consellos médicos referentes á súa dieta	1 pto.
6.2.3. ELABORACIÓN DOS MENÚS (máximo 4 puntos)	
Non ten axuda e cóstalle preparalos	4 pts
Recibe axuda dun familiar, amigo, veciño, S.A.F., etc.	3 pts
Apañase só sen ningunha axuda	1 pto.

7.- IDADE (máximo 6 puntos)

Maior de 81 anos	6 pts
De 76 a 80 anos	5 pts
De 71 a 75 anos	4 pts
De 66 a 70 anos	3 pts
De 61 a 65 anos	2 pts

Menor de 60 anos	1 pto.
------------------	--------

8. CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE (máximo 4 puntos)

Igual ou superior ao 75%	4 ptos
Igual ou superior ao 65% e inferior ao 75%	3 ptos
Igual ou superior ao 33% e inferior ao 65 %	2 ptos

9. GRAO DE DEPENDENCIA (máximo 6 puntos)

Grao I	Nivel 2	6 ptos
	Nivel 1	5 ptos
Grao II	Nivel 2	4 ptos
	Nivel 1	3 ptos
Grao III	Nivel 2	2 ptos
	Nivel 1	1 pto.

Observacións: nos casos que o certificado non contemple o nivel de dependencia, terase en conta a puntuación especificada para o maior nivel de dependencia.

10. OUTRAS CIRCUNSTANCIAS NON ESPECIFICADAS (máximo 8 puntos)

Recurso que cubre as necesidades de atención	8 ptos
Recurso complementario doutro/s recurso/s ou do apoio familiar	6 ptos
Recurso temporal mentres se resolve o trámite de recursos máis axeitados ou a intervención coa familia para que presten apoio	4 ptos
Situación non prioritaria	2 ptos
Recurso innecesario ou que non pode solventar a necesidade de atención	0 ptos
Outros (especificar):	

Observacións: neste apartado valoraranse situacións específicas que se estime oportuno considerar, especificadas no informe social, e que non foron contempladas nos parámetros anteriormente establecidos. Para establecer a puntuación terase en conta se no informe social se valorará á adecuación do recurso demandado á situación da persoa interesada.

2. Unha vez comprobado que as persoas solicitantes cumpren os requisitos estipulados nos artigos 4 e 5, e unha vez realizada a baremación tendo en conta o estipulado no punto anterior, procederase á selección das posibles persoas beneficiarias tendo en conta:

Primeiro.–Maior puntuación.

Segundo.–En caso de igual puntuación, data e número de entrada no Rexistro Xeral do Concello.

TÍTULO V: DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 12. - Dereitos das persoas beneficiarias

1. Acceder ó servizo e recibilo sen discriminación por razón de raza, sexo, relixión, ideoloxía o calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. As persoas que padezan algunha discapacidade gozarán da protección que lles atribúe a lei e, en todo caso, a prestación deste servizo garantirá a súa plena integración.

2. A consideración no trato debido á dignidade da persoa, por parte do persoal do servizo.

3. O tratamento confidencial dos datos de seu historial sanitario e social de acordo co disposto no regulamento (UE) 2016/279 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións de aplicación.

4. A formular reclamacións e presentar suxestións.

5. A recibir unha información clara e completa sobre a organización do servizo e sobre as posibles modificacións sobrevidas.

6. A coñecer a situación do expediente

7. A deixar de usar o servizo por vontade propia.

Artigo 13.–Deberes das persoas beneficiarias.

1. Informar ao traballador/a social do Concello de Foz dos cambios da súa situación social, económica, sanitaria e persoal que poidan dar lugar a modificacións na prestación do servizo, achegando a correspondente documentación cando proceda.

2. Cumprir as normas sobre o acceso, seguimento e utilización deste servizo recollidas no presente regulamento.

3. Colaborar na medida das súas posibilidades no desenvolvemento adecuado do servizo, en función das súas capacidades e nas formas acordadas en cada caso.
4. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que prestan o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
5. Coidar do material e electrodomésticos cedidos pola empresa distribuidora, sendo responsables dos danos e prexuízos que por acción ou ben por omisión causen na operatividade do servizo e nos seus utensilios.
6. En caso de suspensión ou extinción do servizo, a persoa beneficiaria ten a obriga de devolver o material cedido en depósito pola empresa adxudicataria.
7. Aboar a cota mensual fixada para este servizo nos dez primeiros días de cada mes.
8. Asinar o compromiso de contrato (anexo II) para autorizar o acceso a vivenda do persoal repartidor do servizo e comprometéndose a atender e realizar as indicacións que sobre o mesmo se lle faciliten. Deberá encontrarse no domicilio os días de reparto de menús; en caso contrario, comunicará coa suficiente antelación un domicilio alternativo de entrega.

No caso en que a persoa beneficiaria non o comunique en tempo e forma e se intentase a entrega dos menús no seu enderezo a persoa beneficiaria aboará os menús realizados ata a data do feito.

Artigo 14.-Atención telefónica.

As persoas beneficiarias disporán dunha liña telefónica aberta ininterrompidamente os 365 días do ano para atender calquera incidencia na prestación do servizo: 902.400.429.

TÍTULO VI: CAUSAS DE SUSPENSIÓN, MODIFICACIÓN OU EXTINCIÓN DO SERVIZO

Artigo 15.-Suspensión ou modificación do servizo.

1. A suspensión temporal efectuarase nos seguintes supostos:

- a) Ausencia da persoa beneficiaria do seu domicilio: por vacacións, viaxes, ou ingreso temporal en centros sanitarios/residenciais por un tempo inferior a 45 días. Este prazo poderase ampliar se está convenientemente xustificado.
- b) Cambio de domicilio no mesmo municipio, mentres non se realice a nova valoración social.

2. Con carácter xeral, a modificación das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo poderán dar lugar a cambios nas condicións da prestación nas que fora concedida inicialmente. Os cambios circunstanciais en calquera caso, deberán reflectirse no expediente individual.

Artigo 16.-Extinción do servizo.

Son causas de extinción do servizo:

- a) Falecemento da persoa beneficiaria, acreditando con documentación tal suceso.
- b) Renuncia voluntaria da persoa beneficiaria ou do representante legal /gardador.
- c) Incumprimento reiterado do pagamento dun máximo de dúas cotas establecidas do servizo.
- d) Incumprimento reiterado da normativa e das condicións establecidas para a prestación do servizo.
- e) Ausencia reiterada do domicilio, sen avisar con antelación e/ou xustificar a ausencia durante nos días de reparto dos menús.
- f) Ausencia do domicilio superior a 45 días e sempre que esta, non este convenientemente xustificada.
- g) Cambio de domicilio a outro concello.
- h) Modificación das causas que deron lugar a concesión do servizo.
- i) Ingreso nun centro residencial con carácter definitivo.
- j) Por precisar asistencia de carácter especializada para as actividades da vida diaria que non corresponde a este servizo.
- k) Ocultamento ou falsidade dos datos que foron tidos en conta para a concesión do servizo.
- l) Cese do Programa.
- m) Outras non reflectidas anteriormente e que impidan o normal desenvolvemento do servizo.

Artigo 17.-Procedemento nas baixas e suspensións do servizo.

1. No caso de baixa voluntaria ou suspensión/baixa temporal do servizo, a persoa beneficiaria deberá comunicalo ao traballador/a social do Concello de Foz cunha antelación de 15 días naturais, conforme aos modelos establecidos nos anexos VII e VIII.

2. No caso da suspensión temporal, concretarase sempre que sexa posible a duración prevista da ausencia, que non poderá superar os 45 días naturais agás motivos convenientemente xustificadas

3. Os anexos VII e VIII unha vez cubertos remitírase ao departamento de servizos sociais que emitirán o correspondente informe social que reflicta as causas da baixa ou suspensión. O informe será elevado ao órgano competente e a resolución será notificada á persoa interesada e comunicada ao Consorcio.

TÍTULO VII: FUNCIONAMENTO DO SERVIZO

Artigo 18.–Funcionamento do servizo.

1. Inicio.

Ao comezo do servizo comprobarase, por parte da empresa contratante, que as persoas beneficiarias do servizo dispoñan de microondas, frigorífico, enxoval e calquera elemento adecuado para a preparación, conservación e consumo dos xantares. Nos supostos de que as persoas beneficiarias non dispoñan de microondas ou frigorífico que se adapte as necesidades do servizo, poñeráse a disposición dos/as mesmos/as un microondas e/ou un frigorífico en réxime de depósito.

2. Entrega dos xantares.

1. Os xantares entregaranse nun único día á semana. As persoas beneficiarias do programa recibirán no seu domicilio como máximo 7 e un mínimo de 5 bandexas diferentes co xantar para cada día da semana, durante o período en que se atope de alta no servizo.

2. En caso de ausencia do domicilio, a entrega poderase efectuar nun domicilio alternativo fixado para este efecto pola persoa beneficiaria, sempre será un domicilio próximo ou contiguo ao da persoa beneficiaria.

3. Distribución dos xantares.

1. A distribución dos xantares organizarase en barquetas individuais de polipropileno apto para rexenerar en microondas e autorizado para estar en contacto cos alimentos, que incluírán no seu interior, primeiro prato, segundo prato e sobremesa. Os menús serán completos e equilibrados, variados e adaptables ás necesidades das persoas usuarias, aos gustos e hábitos así como á gastronomía local e á época do ano.

2. O transporte dos menús ata o domicilio das persoas beneficiarias do programa, realizarase en vehículos adaptados mantendo a temperatura e a refrixeración imprescindible.

3. O horario de entrega dos xantares será preferentemente de 09.00 da mañá a 14.30 da tarde, coas variacións horarias necesarias consonte ao servizo. Comunicarase a cada unha das persoas beneficiarias o día de entrega e a hora aproximada.

4. O persoal repartidor ensinará a persoa beneficiaria ou a persoa responsable da preparación das comidas o procedemento correcto para preparar os alimentos, de retirar as comidas caducadas e revisar a temperatura do frigorífico.

Igualmente informará e asesorará a persoa beneficiaria naquelas cuestións e dúbidas que presente respecto ao servizo.

4. Menús.

1. Os menús incluírán:

Primeiros pratos: catro días de hidratos de carbono (arroz, legumes, pasta ou patacas) e tres días de verdura.

Segundos pratos: catro días de carne (preferiblemente carnes magras) con guarnición de verduras, pataca ou ensalada e tres días de peixe (1 día azul, 1 día branco) con guarnición de verduras, pataca ou ensalada.

Sobremesa: froita, lácteos ou derivados

Todas as comidas irán acompañadas de pan.

2. Elaborarase unha guía de prácticas correctas de hixiene e manipulación dos alimentos que se destinará á persoa beneficiaria e que será entregada xunto coa guía práctica de preparación dos alimentos.

3. A cadea de frío non se interromperá en ningún momento dende a elaboración e termoselado dos xantares nas correspondentes barquetas ata a entrega e colocación polo persoal do contratista nos frigoríficos de cada unha das persoas beneficiarias do programa, que deberán atoparse en correcto estado de funcionamento e refrixeración.

5. Avaliación.

Anualmente realizarase unha revisión xeral dos expedientes abertos, a fin de avaliar o grao de consecución dos obxectivos e adaptación ás necesidades do programa xantar na casa. Valorando a idoneidade da continuidade da prestación do servizo.

TÍTULO VIII: FINANCIAMENTO DO SERVIZO

Artigo 19.–Financiamento do servizo.

1. O prezo máximo de cada menú diario será o fixado polo convenio asinado co Consorcio galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a prestación deste servizo.
2. No seu financiamento participará o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, o Concello de FOZ e a persoa beneficiaria a razón de:

Achega da persoa usuaria (26,67%)	Achega do Concello (26,67%)	Achega da Xunta ó Consorcio (46,66%)
-----------------------------------	-----------------------------	--------------------------------------

3. As persoas beneficiarias abonarán directamente á empresa contratista, por adiantado, o importe de cada mensuralidade nos (10) dez primeiros días de cada mes.
4. A empresa adxudicataria emitirá factura mensual para cada persoa beneficiaria do servizo pola cantidade correspondente.
5. Con relación ao abono anticipado da persoa beneficiaria o correspondente mes, as incidencias que puidesen xurdir na facturación mensual tanto en maior ou menor importe a aboar, procederase a axustar as diferenzas dos importes ou aboados ou pendentes de aboar no mes inmediatamente seguinte, procedendo a súa regulación. O Consorcio supervisará eses importes.

Artigo 20.–Supostos especiais de pagamento.

Son supostos especiais de pagamento os seguintes:

- a) No caso de que a persoa beneficiaria non aboase por adiantado a parte do prezo que lle corresponde, o contratista dará conta desta circunstancia inmediatamente ao Consorcio que poderá autorizar a interrupción da prestación do servizo.
- b) No caso de que se comunique a baixa en tempo e forma establecida, non se aboará o servizo durante o período de tempo que dure a baixa temporal. No caso de que a persoa beneficiaria non o comunique en tempo e forma, e se intentasen a entrega dos menús no seu enderezo, a persoa beneficiaria aboará os menús realizados ata a data do feito e poderá ser obxecto de extinción do servizo.
- c) No suposto de baixas que non se comunicaron en tempo e forma establecida por motivos de forza maior (falecemento, hospitalización, etc) acreditadas documentalmente, o importe do servizo aboarase polo Consorcio.
- d) Os xantares que non se puideron entregar como consecuencia da ausencia do seu domicilio ou no segundo domicilio indicado por parte da persoa beneficiaria por causas imputables á persoa, facturaránse na súa integridade directamente á persoa beneficiaria do servizo.
- e) No caso de que a empresa que resulte adxudicataria efectúese a entrega fóra da franxa horaria fixada para a entrega á persoa beneficiaria e o servizo non fose recibido por esta, non poderá ser facturado o devandito servizo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Para todo o non previsto neste regulamento acudirase ó convenio asinado co Consorcio e no non previsto acudirase á normativa que resulte de aplicación.

A alcaldía-presidencia ou o concelleiro/a en quen delegue é o órgano facultado para ditar cantas instrucións resulten precisas para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

O responsable do tratamento dos datos que consten no expediente municipal de solicitude do servizo “Xantar na Casa” é o Concello de Foz. Os datos incorporaranse á correspondente actividade de tratamento denominada “Programas” e serán tratados coa finalidade específica da prestación do servizo, de conformidade coa regulación establecida no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre protección de datos de carácter persoal, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións e actualizacións futuras da normativa de aplicación.

A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación das persoas interesadas neste servizo.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados serán obxecto de cesión ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que é o organismo co que o Concello asinou un convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa Xantar na Casa no Concello de Foz. As demais posibles cesións de datos faranse, de ser o caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Foz poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de

decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o responsable do tratamento dos datos (Concello de Foz). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello indicándonolo por escrito rexistrado no CONCELLO DE FOZ – Avda. Alvaro Cunqueiro, 24 – 27780 (FOZ) ou por correo electrónico dirixido ó Delegado de Protección de datos do concello de Foz: Servizos de Adaptación Contínua en Protección de Datos RB, S.L. , có que poderá contactar no correo electrónico secretaria-foz@concellodefoz.es

Así mesmo, poderán exercer os mesmos dereitos ante o responsable do tratamento destes datos designado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou órgano que corresponda da Xunta de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

A relación do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar co Concello de Ames, así como a imaxe corporativa a empregar tanto polo persoal como nos medios cos que se presta o servizo rexeranse segundo as condicións e termos asinados no Convenio.

DISPOSICIÓN FINAL

De conformidade co que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor unha vez que o Concello publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e logo de que transcorra o prazo de quince días hábiles ao que se refire o artigo 65.2 desa lei.

ANEXOS

- .-ANEXO I.: MODELO DE SOLICITUDE
- .-ANEXO II.: COMPROMISO-CONTRATO.
- .-ANEXO III.: INFORME MEDICO.
- .-ANEXO IV.: IMPRESO DE DOMICILIACION BANCARIA.
- .-ANEXO V.: INFORME SOCIAL.
- .-ANEXO VI.: PROPOSTA PERSOAS BENEFICIARIAS.
- .-ANEXO VII.: PROPOSTA RESOLUCION-INFORME TECNICO
- .-ANEXO VIII.: AUTORIZACIÓN PARA A RECOLLIDA E TRATAMENTO DE DATOS (LEI PROTECCION DE DATOS).
- .-ANEXO IX.: BAREMO

ANEXO I



SOLICITUDE DO PROGRAMA XANTAR NA CASA

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

1º APELIDO: _____ 2º APELIDO: _____
 NOME: _____ DNI/NIE: _____
 ENDEREZO: _____
 C.P.: _____ PARROQUIA: _____
 MUNICIPIO: _____ PROVINCIA: _____
 SEXO: Home ☐ Muller ☐ DATA DE NACEMENTO: ____/____/____
 TELÉFONO/S: _____ Nº SEG. SOCIAL: ____/____

2. DATOS DA PERSOA DE CONTACTO

	Nome e apelidos	Parentesco	Enderezo	Teléfono
1				
2				

3. DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA

Fotocopia DNI Informe Social Fotocopia tarxeta sanitaria
 Informe médico Certificado empadramento e residencia Fotocopia certificado minusvalía
 Domiciliación bancaria Certificado pensión Compromiso
 Certificado valoración dependencia Certificado declaración IRPF/certificado negativo

4. REQUISITOS DE ACEPTACIÓN DO SERVIZO

Que se compromete a aboar a cantidade económica correspondente a persoa beneficiaria do custe do servizo

Que coñece e acepta as condicións e o funcionamento do servizo XANTAR NA CASA

Autoriza a entidade _____ para o acceso ao seu domicilio a efectos da prestación do servizo solicitado.

En _____, a _____ de _____ de 20 _____

Firma

Ao Concello de.....

ANEXO II

**COMPROMISO CONTRATO DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DO SERVIZO
XANTAR NA CASA**

Eu con DNI nº.....
autorizo o acceso a miña vivenda do persoal repartidor a efectos da correcta
prestación do servizo Xantar na Casa e comprométome a atender e realizar as
indicacións que sobre o mesmo se me faciliten.

En, a..... de.....de.....

Sinatura

ANEXO III



INFORME DA SAÚDE

Recoñecemento efectuado polo/a doctor/a:		Colexiado	
Médico/a de:			
A/O solicitante do servizo "Xantar na Casa":			
D/Dª (Nome e apelidos):			
D.N.I.:		Data de nacemento:	

DIAGNÓSTICO

TRATAMENTOS ACTUAIS

AFECCIÓNS MÁIS IMPORTANTES

	Diabetes		Renais e vías urinarias
	Cardiovasculares		Reumatolóxicas
	Dixestivas e/o hepatobiliares		Outras:
	Hipertensión/hipotensión		

1. TIPO DE DIETA RECOMENDADA (SINALAR SOAMENTE UNHA OPCIÓN)

	Saudable ou normal		Fácil mastigación
	De réxime		Diabética de fácil mastigación.
	Diabética		Outras:

2. AUTONOMÍA PARA ALIMENTARSE:

	Sí		Non
--	----	--	-----

3. PROBLEMA DE MASTIGACIÓN:

	Sí		Non
--	----	--	-----

4. INTOLERANCIAS ALIMENTICIAS:

☐	Sí:	☐	Non
--------------------------	-----	--------------------------	-----

5. MOVILIDADE

☐	Camiña con normalidade	☐	Camiña con dificultade o con axuda de baston
☐	Camiña con axuda de muletas, andador, etc...	☐	En cadeira de rodas.

6. TRASTORNO DA MEMORIA

☐	Ningún	☐	Lixeiro
☐	Moderado	☐	Importantes

7. ORIENTACIÓN NO TEMPO E NO ESPACIO

☐	Completamente orientado	☐	Desorientado ocasionalmente
☐	Desorientado frecuentemente	☐	Completamente desorientado

8. LIMITACIÓN VISUAL

☐	Ningunha ou leve	☐	Moderada
☐	Importante	☐	Total

OBSERVACIONES

_____, _____, DE _____ DE 20__

ASDO.: (NOME E APELIDOS) _____

ANEXO IV

SOLICITUDE DE DOMICILIACION BANCARIA DO SERVIZO XANTAR NA CASA

A favor de:

SOCYSER

En concepto de:

COTAS MENSUAIS XANTAR NA CASA

Datos da persoa beneficiaria

N.I.F.	NOME E APELIDOS

Entidade bancaria

Oficina

Titular da conta

Codigo conta cliente (20 dixitos)

ENTIDADE	OFICINA	D.C	NUMERO DE CONTA

En _____, a _____, de _____ de 20__

O/a interesado/a,

(Selo da entidade bancaria)

ANEXO V



INFORME SOCIAL XANTAR NA CASA

EMITIDO POLO/A TRABALLADOR/A SOCIAL		
CARLOS LOPEZ GONZALEZ		
Número de Colexiado/a	Concello	Teléfono
1024	FOZ	982133566
Referente a D/Dna		

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	DNI
Data de nacemento	Enderezo		
Código postal	Concello	Provincia	Teléfono
		LUGO	

DATOS DA PERSOA GARDADORA /REPRESENTANTE LEGAL

(si se da o caso)

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	DNI
Data de nacemento	Enderezo		
Código postal	Concello	Provincia	Teléfono

1. UNIDADE CONVIVENCIA FAMILIAR

Unidade de convivencia formada por: (sinalar o coidador principal da persoa en situación de dependencia, se é o caso)				
Nome e apelidos	Idade	Parentesco	Profesión	Situación actual
PUNTUACION				



2. REDE INFORMAL DE APOIO

Outros membros da rede informal de apoio:				
Nome e apelidos	Idade	Parentesco	Profesión	Situación actual
Puntuación				

3. DINÁMICA RELACIONAL

☐	Ausencia de relacións	☐	Familia extensa
☐	Persoas da veciñanza e/ou amigos	☐	Fillos/as
Puntuación:			

4. VIVENDA

4.1 TIPO DE VIVENDA

☐	Chabola, prefabricado, caravana	☐	Piso, apartamento, vivenda colectiva
☐	Habitación, pensión alugada, vivenda colectiva		
Puntuación:			

4.2 RÉXIME DE TENENZA

☐	Alugada, realugada	☐	Propia ou dalgún membro da unidade familiar
☐	En réxime de cesión		
Puntuación:			

4.3 CONDICIÓN DE HABITABILIDADE DA VIVENDA

☐	Insalubridade, inhabilitabilidade	☐	Amoreamento
☐	Malas condicións e/ou carencia dalgún servizo básico	☐	Adecuadas
Puntuación:			

4.4 ACCESIBILIDADE DA VIVENDA

A

☐	Con barreras arquitectónicas no interior da vivenda	☐	Con adaptacións funcionais
☐	Con barreiras no acceso a vivenda		
Puntuación:			

4.5 LOCALIZACIÓN DA VIVENDA

☐	Elevada dispersión	☐	Metropolitana
☐	Rural	☐	Urbana
☐	Semiurbana		
Puntuación:			

4.6 ACCESO A EQUIPAMENTOS E RECURSOS

☐	Comunicacións deficientes	☐	Comunicacións básicas
Puntuación:			



5. SITUACION ECONÓMICA

Ata 400 euros	De 901 a 1200 euros
De 401 a 600 euros	De 1201 euros ou máis
De 601 a 900 euros	
Puntuación:	

6. AUTONOMÍA PERSOAL

6.1 ACTIVIDADES RELACIONADAS COA VIDA DIARIA

6.1.1 VESTIMENTA

Vístese sen axuda e correctamente	Precisa dalgunha axuda para vestirse
Vístese só pero incorrectamente	Incapaz de vestirse sen axuda
Puntuación:	

6.1.2 ASEO

Aséase sen axuda	Precisa axuda para asearse
Aséase só/soa pero incorrectamente	Incapaz de asearse sen axuda
Puntuación:	

6.1.3 ALIMENTACIÓN

Aliméntase correctamente e sen axuda	Non se alimenta correctamente e precisa axuda con frecuencia
Aliméntase correctamente con axuda mínima	Presenta problemas de nutrición e é incapaz de alimentarse só/soa precisando axuda
Puntuación:	

6.2 ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROGRAMACIÓN E PREPARACIÓN DAS COMIDAS

6.2.1 COMPRA DE ALIMENTOS

Realiza esta actividades	Non realiza esta actividade
Necesita axuda para a súa realización	
Puntuación:	

6.2.2 ORGANIZACIÓN DOS MENÚS E SEGUIMENTOS DAS DIETAS

Fai comidas variadas e segue sempre os consellos médicos referentes a súa dieta	Non realiza menús variados e non segue os consellos médicos
As veces fai comidas variadas seguindo os consellos médicos	
Puntuación:	

6.2.3 ELABORACIÓN DOS MENÚS

Apáñase só/soa sen ningunha axuda	Non ten axuda e cóustalle preparalos
Recibe axuda dun familiar, amigo, veciño, etc...	
Puntuación:	



7. IDADE

Menor de 60 anos	De 71 a 75 anos
De 61 a 65 anos	De 76 a 80 anos
De 66 a 70 anos	Maior de 81 anos
Puntuación:	

8. CERTIFICADO DE MINUSVALÍA

Igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%	Igual ou superior ao 75%
Igual ou superior ao 65% e inferior ao 75%	
Puntuación:	

9. GRAO DE DEPENDENCIA

GRAN DEPENDENCIA: GRAO III	
Nivel II	Nivel I
DEPENDENCIA SEVERA: GRAO II	
Nivel II	Nivel I
DEPENDENCIA MODERADA: GRAO I	
Nivel II	Nivel I
Puntuación:	

10. OUTRAS CIRCUNSTANCIAS NON ESPECIFICADAS

(Neste apartado valoraranse situacións específicas que se estimen oportuno considerar e que non foron contempladas nos anteriores apartados)

PROPOSTA E VALORACIÓN PROFESIONAL

O/a Traballador/a Social

En _____, a _____, de _____ de 20__--

PROPOSTA DE PERSOAS BENEFICIARIAS DO SERVIZO XANTAR NA CASA DO CONCELLO DE..... F O Z (LUGO)

APELIDOS E NOME	DNI	ENDEREZO PRINCIPAL	ENDEREZO ALTERNATIVO	TELEFONO PRINCIPAL	TELEFONO 2	TIPO DE DIETA	NECESIDADE MICROONDAS FRIGORIFICO

OBSERVACIÓNS:

O/A TRABALLADOR/A SOCIAL

En a de



CONCELLO DE
FOZ



ANEXO VII - INFORME TECNICO - PROPOSTA DE RESOLUCION

Programa Xantar na Casa

Expediente SIUSS	Intervención nº	Data de solicitude	Data Rex. de Entrada	
270190100				
Sector de Referencia	Ámbito de Atención	Nº Total de Usuarios	Capacidade Económica	
Nome e Apelidos	Data Nacemento	DNI	Sexo	Estado Civil
Enderezo	Teléf. fixo	Teléf. móbil	Nº Tarxeta sanitaria	
Grao Dependencia / Minusvalía	Data Inicio	Data Finalización		

A vista da documentación aportada polo/a solicitante e logo da aplicación do “BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE XANTAR NA CASA” emítese a seguinte valoración:

PUNTOS:

En consecuencia, o Traballador Social propón a seguinte resolución:

CONCEDER a Don/a_____o “Programa Xantar na Casa” solicitado por reunir os requisitos establecidos e de acordo cos seguintes detalles prestacionais e aportación económica/copago:

DATA DE INICIO	PERIODO DE CONCESIÓN	ACHEGA/COPAGO
	ANUAL-PRORROGABLE	€/mes

DENEGAR a Don/a_____o o “Programa Xantar na Casa” solicitado, por non reunir algún dos requisitos establecidos a tal fin e que se especifican:_____

En FOZ a ____ de _____de _____.

O TRABALLADOR SOCIAL,

Este documento e os seus anexos son unha comunicación profesional que ten por obxecto información reservada en relación coa que o emisor deste documento ten unha obriga de SECRETO e declarase expresamente de carácter CONFIDENCIAL ó amparo da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD) e demais lexislación ó respecto e para a que esixe o mesmo tratamento pola parte do receptor. Só ten dereito de acceder á mesma o seu DESTINATARIO/A, eludíndose calquera responsabilidade derivada do mal uso que do contido do presente documento puidera facerse por parte do receptor e/ou da utilización do mesmo para calquera outros fins distintos daqueles para os que foi realizado. Pola presente autorízase ó responsable do departamento para a recollida, tratamento e derivación dos seus datos persoais ós organismos e institucións que o considere oportuno coa única finalidade de xestionar e solicitarlle a prestación, axuda ou servizo do que se trata. O/A interesado/a pode exercer os dereitos de acceso, modificación, cancelación ou oposición previstos na Lei.

ANEXO VIII - CONSENTIMIENTO EXPRESO PARA O TRATAMENTO DE DATOS

En aras a dar cumprimento ó “*Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016*”, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e seguindo as Recomendacións e Instrucións da “*Agencia Española de Protección de Datos (A.E.P.D.)*”, **INFORMASE...**:

RESPONSABLE DO TRATAMENTO DE DATOS.: Os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, serán incluídos nos ficheiros e aplicacións informáticas do Concello de Foz (órgano responsable do tratamento dos datos persoais) e do departamento de Servizos Sociais deste concello, có obxecto de xestionar o presente procedemento e realizar as memorias e avaliacións anuais do departamento.

TRATAMIENTO DE DATOS (FINALIDADE E LEXITIMACIÓN) .: Este expediente e os seus anexos son unha comunicación profesional que contén información reservada en relación coa que o emisor deste documento ten unha obrigação de SEGREDO e declarase expresamente de carácter CONFIDENCIAL ó amparo da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD) e demais lexislación ó respecto e para a que esixe o mesmo tratamento pola parte do receptor e cuxa finalidade non é outra que a tramitación e xestión dos expedientes de solicitude do “Programa Xantar na Casa”, a xestión dos usuari@s destes servizos e as axudas para os mesmos, coas correspondentes xestións administrativas derivadas destes procedementos; eludíndose calquera responsabilidade derivada do mal uso que do contido destes datos e documentos puidera facerse por parte do receptor e/ou da utilización dos mesmos para calquera outros fin distinto daquel para o que foron solicitados/realizados.

Pola presente autorízase ó responsable do departamento para a recollida, tratamento e derivación dos seus datos persoais, económicos, sociofamiliares e cantos sexan necesarios para este procedemento, ás administracións, organismos e institucións que o considere oportuno có obxecto de xestionar o procedemento descrito e as xestións e trámites necesarios para o estudo e resolución das solicitudes e coma usuari@s dos devanditos servizos, así como para informar as persoas interesadas sobre a tramitación/xestións.

CESIÓN.: Os datos solicitados serán obxecto de cesión ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que é o organismo co que o Concello asinou un convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa Xantar na Casa no Concello de Foz. Os seus datos poderán ser cedidos a outros departamentos do Concello de Foz, así coma á entidade/empresa xestora do servizo e mesmo a outros organismos e administración públicas con competencias-implicacións na materia/procedemento, có obxecto de xestionar as solicitudes, o servizo, realización de memorias, avaliacións, etc.. As demais posibles cesións de datos faranse, de ser o caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

DEREITOS.: O/A interesado/a pode exercer-los dereitos de acceso, modificación, cancelación ou oposición previstos na Lei, indicándonolo por escrito rexistrado no CONCELLO DE FOZ – Avda. Alvaro Cunqueiro, 24 – 27780 (FOZ) ou por correo electrónico dirixido ó Delegado de Protección de datos do concello de Foz: Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L., có que poderá contactar no correo electrónico secretaria-foz@concellodefoz.es

PRAZO.: O tempo de conservación dos datos facilitados ten carácter indefinido e, en calquera caso, mentres non se cumpra o prazo de prescrición de potenciais responsabilidades derivadas do tratamento dos datos e/ou mentres non se extinga a prestación/servizo para o que foron solicitados.

CONSENTIMIENTO .: A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación das persoas interesadas neste servizo. Mediante a sinatura do presente documento vostede autoriza ó tratamento dos datos requiridos/aportados para os fins descritos.

En _____, a ____ de _____ de 20__

SINATURA: Don/a _____

BAREMO DE VALORACIÓN**ANEXO IX****1.- UNIDADE DE CONVIVENCIA (máximo 10 puntos)**

A persoa vive soa con problemas de mobilidade	10 ptos
A persoa vive soa	8 ptos
Convivencia con menores ou outra persoa con déficits de saúde, recoñecidos médicamente, que lle impiden a prestación da axuda	6 ptos
Convivencia con persoas sen habilidades para prestar a axuda ou con dificultade para adquirilas	4 ptos
A/s persoa/s coidadora/s pasan toda a xornada fóra do domicilio por causas laborais ou familiares	2 ptos
A/s persoa/s coidadora/s están desocupados, sen cargas familiares ou laborais, nin presentan dificultades de saúde que lles impida prestar esta atención	0 ptos

2.- EXISTENCIA DE MEMBROS DA REDE INFORMAL DE APOIO (máximo 5 puntos)

Ausencia de relación	5 ptos
Persoas da veciñanza ou amigos	3 ptos
Familia extensa	2 ptos
Fillos/as	1 pto.

3.- DINÁMICA RELACIONAL (máximo 4 puntos)

Relacións conflitivas	4 ptos
Ausencia de relación	3 ptos
Relacións escasas	2 ptos
Relacións normalizadas	1 pto.

4.- VIVENDA

4.1.- Tipo de Vivenda (máximo 3 puntos)	
Piso, apartamento, vivenda unifamiliar	3 ptos
Habitación, pensión alugada, vivenda colectiva	2 ptos
Chabola, prefabricado, caravana	1 pto.
4.2.- Réxime de Tenenza (máximo 3 puntos)	
Alugada, realugada	3 ptos
En réxime de cesión	2 ptos
Propia ou dalgún membro da unidade familiar	1 pto.
4.3.- Condicións de Habitabilidade (máximo 4 puntos)	
Adecuadas	1 pto.
Amoreamento	2 ptos
Malas condicións de habitabilidade e/ou carencia dalgún servizo básico	3 ptos
Insalubridade, inhabitabilidade	4 ptos
4.4.- Accesibilidade da vivenda (máximo 3 puntos), non puntuando no caso de persoas en situación de exclusión social	
Con barreiras no interior da vivenda	3 ptos
Con barreiras no acceso a vivenda	2 ptos
Con adaptacións funcionais	1 pto.
4.5.- Localización da vivenda (máximo 5 puntos)	
Rural - Illada/Alta dispersión	5 ptos
Rural	3 ptos
Urbana	1 pto.
4.6.- Acceso a equipamentos e recursos (máximo 3 puntos)	
Comunicacións deficientes	3 ptos
Boas ou aceptables comunicación básicas	1 ptos

5.- SITUACIÓN ECONÓMICA (máximo 15 ptos)

Totalidade dos ingresos mensuais netos do solicitante prorrateándose as pagas extras e incrementándose cós rendementos bancarios, rendas, plusvalías, etc..., derivados tanto do traballo e pensións coma do capital e/ou de produtos financeiros dos que sexan titulares e/ou calquera outros ingresos.

Menor ou igual ó 100% IPREM	Menor/= a 532,51€	15 ptos
Maior do 100% IPREM e menor ou igual ó 125% IPREM	De 532,52 a 665,64	12 ptos
Maior do 125% IPREM e menor ou igual ó 150% IPREM	De 665,65 a 798,77	8 ptos.
Maior do 150% IPREM e menor ou igual ó 200% IPREM	De 798,78 a 1065,02	4 ptos.
Maior do 200% IPREM	Maior de 1065,03€	0 ptos.

A capacidade económica da persoa usuaria do servizo calcularase tendo en conta os ingresos mensuais netos da persoa solicitante correspondente ao ano no que se formula a solicitude. Teranse en conta, ademais, o cónxuxe ou parella de feito e as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes:

a) Cando a persoa solicitante se atope vinculada a outra persoa por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, as rendas de ambos terán consideración de rendas computables entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos dos dous membros da parella.

b) Cando a persoa beneficiaria conviva con ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos ou maiores en situación de discapacidade (recoñecida polos equipos de valoración de discapacidade), que dependesen economicamente dela; a capacidade económica determinarase sumando a renda da persoa interesada e a de cada convivinte economicamente dependente e dividíndoa entre todos eles. Considerarase persoa economicamente dependente aquela que non perciba ningún ingreso.

A declaración da renda ou certificado de imputacións da Axencia Tributaria do último exercicio terase en conta aos efectos da valoración social do/a traballador social de referencia.

6.- AUTONOMÍA PERSOAL (máximo 4 puntos)

6.1.- ACTIVIDADES RELACIONADAS COA VIDA DIARIA	
6.1.1. VESTIMENTA (máximo 4 puntos)	
Incapaz de vestirse sen axuda	4 ptos
Precisa algunha axuda para vestirse	3 ptos
Vístese só pero incorrectamente	2 ptos
Vístese sen axuda e correctamente	1 pto.
6.1.2. ASEO (máximo 4 puntos)	
Incapaz de asearse sen axuda	4 ptos
Precisa algunha axuda para asearse	3 ptos
Aséase só pero incorrectamente	2 ptos
Aséase sen axuda	1 pto.
6.1.3. ALIMENTACIÓN (máximo 4 puntos)	
Presenta problemas de nutrición e é incapaz de alimentarse	4 ptos
Non se alimenta correctamente e precisa axuda	3 ptos
Aliméntase correctamente con axuda mínima	2 ptos
Aliméntase correctamente e sen axuda	1 pto.
6.2. ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROGRAMACIÓN E PREPARACIÓN De COMIDAS	
6.2.1. COMPRA DE ALIMENTOS (máximo 4 puntos)	
Non realiza esta actividade	4 ptos
Necesita axuda para a súa realización	3 ptos
Realiza esta actividade só/soa	1 pto.
6.2.2. ORGANIZACIÓN DOS MENÚS E SEGUIMENTOS DE DIETAS (máximo 4 puntos)	
Non realiza menús variados e non segue os consellos médicos	4 ptos
As veces fai comidas variadas seguindo os consellos médicos	3 ptos
Fai comidas variadas e segue sempre os consellos médicos referentes á súa dieta	1 pto.
6.2.3. ELABORACIÓN DOS MENÚS (máximo 4 puntos)	
Non ten axuda e cóstalle preparalos	4 ptos
Recibe axuda dun familiar, amigo, veciño, S.A.F., etc.	3 ptos
Apañase só sen ningunha axuda	1 pto.

7.- IDADE (máximo 6 puntos)

Maior de 81 anos	6 ptos
De 76 a 80 anos	5 ptos
De 71 a 75 anos	4 ptos
De 66 a 70 anos	3 ptos
De 61 a 65 anos	2 ptos
Menor de 60 anos	1 pto.

8. CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE (máximo 4 puntos)

Igual ou superior ao 75%	4 ptos
Igual ou superior ao 65% e inferior ao 75%	3 ptos
Igual ou superior ao 33% e inferior ao 65 %	2 ptos

9. GRAO DE DEPENDENCIA (máximo 6 puntos)

Grao I	Nivel 2	6 ptos
	Nivel 1	5 ptos
Grao II	Nivel 2	4 ptos
	Nivel 1	3 ptos
Grao III	Nivel 2	2 ptos
	Nivel 1	1 pto.

Observacións: nos casos que o certificado non contemple o nivel de dependencia, terase en conta a puntuación especificada para o maior nivel de dependencia.

10. OUTRAS CIRCUNSTANCIAS NON ESPECIFICADAS (máximo 8 puntos)

Recurso que cubre as necesidades de atención	8 ptos
Recurso complementario doutro/s recurso/s ou do apoio familiar	6 ptos
Recurso temporal mentres se resolve o trámite de recursos máis axeitados ou a intervención coa familia para que presten apoio	4 ptos
Situación non prioritaria	2 ptos
Recurso innecesario ou que non pode solventar a necesidade de atención	0 ptos
Outros (especificar):	ptos.

Observacións: neste apartado valoraranse situacións específicas que se estime oportuno considerar, especificadas no informe social, e que non foron contempladas nos parámetros anteriormente establecidos. Para establecer a puntuación terase en conta se no informe social se valorará á adecuación do recurso demandado á situación da persoa interesada.

2. Unha vez comprobado que as persoas solicitantes cumpren os requisitos estipulados nos artigos 4 e 5, e unha vez realizada a baremación tendo en conta o estipulado no punto anterior, procederase á selección das posibles persoas beneficiarias tendo en conta:

Primeiro.-Maior puntuación.

Segundo.-En caso de igual puntuación, data e número de entrada no Rexistro Xeral do Concello.

PUNTUACIÓN TOTAL	
-------------------------	--



Contra o presente acordo que aproba unha disposición de carácter xeral, poderase interpoñer polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.-

Foz, 12 de febreiro de 2020.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO.

R. 0337

O INCIO

Anuncio

O Concello Pleno, en sesión ordinaria de data 31/01/2020, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo.

De conformidade co establecido no art. 17.1 e 2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ábrese un trámite de información pública, por prazo de trinta días, a contar desde o seguinte ao da publicación do presente edicto no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

O Incio, 11 de febreiro de 2020.- O alcalde, Hector Manuel Corujo Gonzalez.

R. 0338

LUGO

Anuncio

DECRETO NÚMERO 816/2020 DO 07/02/2020

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Primeiro Tenente de Alcalde, en sustitución da Excm. Sra. Dona LARA MENDEZ LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente para o nomeamento de dona **ZOILA MARINA SÁNCHEZ GÓMEZ**, DNI: 76.621.650 W, como persoal eventual, para o posto de Asistenta Secretaria do Grupo Municipal do Partido Popular.

Á vista do informe de data 05/02/2020, emitido pola Vicesecretaria do Excmo. Concello, dona María García Ferro, do teor literal seguinte:

“MARÍA GARCÍA FERRO, VICESECRETARIA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, tendo encomendada a función de emisión de informes xurídicos en materia de persoal, emito o seguinte INFORME no expediente para a cobertura, como persoal eventual, do posto de Asistente Secretario, no Grupo Municipal Popular:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

-Por decreto número 20000593 do 27/01/2020, cesou don Francisco Javier Vázquez Nodal, DNI: 33.332.203 M, como Asistente Secretario do Grupo Municipal do Partido Popular, con efectos do 27/01/2020.

- Con data 23/01/2020, o voceiro do Grupo Municipal Popular, don Ramón Carballo Paz, propón o nomeamento como persoal eventual de dona Zoila Marina Sánchez Gómez, con DNI: 76621650 W, no posto do grupo C1, de Asistenta Secretaria do grupo Municipal do Partido Popular, con efectos do 28/01/2020.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- O artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, recolle:

1. É persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente calificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo ós créditos presupostarios consignados para este fin.
2. As leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento deste Estatuto determinarán os órganos de goberno das Administracións Públicas que podrán dispoñer deste tipo de persoal. O número máximo establecerase polos respectivos órganos de goberno. Este número e as condicións retributivas serán públicas.
3. O nomeamento e cese serán libres. O cese terá lugar, en todo caso, cando se produza o da autoridade á que se preste a función de confianza ou asesoramento.
4. A condición de persoal eventual non poderá constituir mérito para o acceso á Función Pública ou para a promoción interna.
5. Ao personal eventual aplicárase, no que sea adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Segundo.- Tendo en conta o establecido no artigo 127.1.h) e 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a Xunta de Goberno Local, adoptou o acordo 13/392, de determinación, número e características do persoal eventual da Corporación Municipal 2019, no que figura un posto de asistenta/e secretaria/o para o Grupo Municipal Popular, que no día da data se atopa vacante.

Á vista do cumprimento dos requisitos para o nomeamento como persoal eventual de dona Zoila Marina Sánchez Gómez, con DNI: 76621650 W, no posto do grupo C1, de Asistente Secretaria do grupo Municipal do Partido Popular, propónse á Excm. Sra. Alcadesa a adopción da seguinte **RESOLUCIÓN**:

PRIMEIRO.- Proceder a nomear como persoal eventual a dona Zoila Marina Sánchez Gómez, con DNI: 76621650 W, no posto do grupo C1, de Asistente Secretaria do grupo Municipal do Partido Popular.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución á interesada, dependencias municipais afectadas e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, coa indicación que ésta pon fin á vía administrativa e que contra ela pode interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

-Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.”

Tendo en conta o anterior e dado que o Servizo de Tesourería expediu unha certificación o día 27 de xaneiro de 2020, na que consta a existencia de consignación presupostaria na aplicación 91201.11000 do vixente orzamento municipal, así como o informe de Intervención obrante no expediente; de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Nomear como persoal eventual a dona **ZOILA MARINA SÁNCHEZ GÓMEZ**, con DNI: 76621650 W, no posto do grupo C1, de Asistente Secretaria do grupo Municipal do Partido Popular, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

- a)organizar, supervisar e colaborar na execución dos traballos que se desenvolvan no grupo municipal;
- b)efectuar traballos de transcripción de documentos;
- c)atención das comunicacións tanto telefónicas como persoais que correspondan ao grupo municipal;
- d)arquivo da documentación e
- e)labores de secretaría do grupo en xeral.

Establecéndose como condicións do presente nomeamento as seguintes:

-A dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en funcións das necesidades existentes.

-O cese terá lugar por resolución desta Alcaldía ou se produza o cese da Señora Alcadesa, dona Lara Méndez López.

-A retribución que percibirá será de 21.903,84 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

-Os efectos deste nomeamento serán do día 7 de febreiro de 2020.

-En ningún caso o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou promoción interna.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución á interesada, dependencias municipais afectadas e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, coa indicación que ésta pon fin á vía administrativa e que contra ela pode interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Cúmprase.

Lugo, 12 de febreiro de 2020.

R. 0339

*Anuncio***DECRETO NÚMERO 20000593 DO 27/01/2020**

Excm. Sra. Dona LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Á vista do escrito de data 22 de xaneiro do 2020, presentado por don Francisco Javier Vázquez Nodal, DNI: 33.332.203 M, persoal eventual, no posto de Asistente Secretario do Grupo Municipal do Partido Popular, no que solicita a súa baixa voluntaria, con efectos do 27 de xaneiro de 2020.

Tendo en conta o anterior e o disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Cesar a don FRANCISCO JAVIER VÁZQUEZ NODAL, DNI: 33.332.203 M, como Asistente Secretario do Grupo Municipal do Partido Popular, con efectos do 27 de xaneiro de 2020.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, dependencias municipais afectadas e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, coa indicación que ésta pon fin á vía administrativa e que contra ela pode interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Cúmprase.

Lugo, 12 de febreiro de 2020.

R. 0340

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o día vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo (nº de Acordo 14/40):

PRIMEIRO: Deixar sen efecto o Acordo nº 27/826 da Xunta de Goberno Local, polo que se amplía a data límite de xustificación ata o 31 de xaneiro de 2020.

SEGUNDO: Modificar a data de xustificación establecida no artigo 13 das “Bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións ás asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido de deportes e para a promoción e o fomento do deporte e actividade física no Concello de Lugo-exercicio 2019” aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local núm. 21/766, do 27 de novembro de 2019, pasando a figurar como **data límite para xustificar o 29 de febreiro de 2020.**

Lugo, 12 de febreiro de 2020.- O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES, Miguel Fernández Méndez.

R. 0341

SARRIA*Anuncio*

BASES DO CONCURSO DO DESFILE DE COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO, DO CONCELLO DE SARRIA
DOMINGO DIA 23 FEBRERO DE 2020 ”

Saída do barrio da Estación ás 17:00 horas.

O remate e entrega dos premios realizarase na Pavillón dos institutos ,Rúa Castelao sn.

O xurado do concurso estará composto por :

-VOGAIS: Representantes de diferentes asociacións e colectivos relacionados coa cultura local.

-SECRETARIO/A: O responsable da O.M.I.X do Concello de Sarria, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións, sendo os criterios a valorar os seguintes: a montaxe, a elaboración e os materiais utilizados, a orixinalidade, o interese etnográfico, o humor, a posta en escea, a simpatía e a graza dos participantes, e a utilización de música en vivo.

O persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o a orde seu posto, calquera elemento das comparsas que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, bengalas...), co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente.

O Xurado fará pública a súa decisión unha vez rematado o desfile, reservándose o dereito de declarar deserto os premios e e as axudas que considere oportunas por non acadar a calidade ou participación suficiente.

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases.

A decisión do xurado é inapelable

CATEGORÍAS:

ADULTOS CARROZAS :

Poderán participar nesta modalidade aqueles grupos que estando formados por máis de tres persoas, leven plataforma ou remolque de superficie suficiente para que a totalidade do grupo ou polo menos o 50 % dos seus integrantes suban nela.

ADULTOS COMPARSAS :

Todos aqueles grupos que estando formados por máis de tres persoas que non entren na categoría de carrozas (aínda que leven como complemento algún vehículo para a megafonía).

CATEGORÍAS:

INFANTIL CARROZAS :

Aqueles grupos que leven plataforma ou remolque, de medida suficiente para que a totalidade do grupo ou polo menos o 50 % dos seus integrantes suban nela

INFANTIL COMPARSAS:

Todos aqueles grupos que estando formados por máis de tres persoas que non entren na categoría de carrozas (aínda que leven como complemento algún vehículo para a megafonía).

Poderán participar na modalidade de infantil todos os grupos formados íntegramente por menores de 14 anos, ou que máis dun 50 % dos seus membros sexan menores desta idade.

En todo caso se a Organización considera que aqueles que se apuntasen coma carroza ou comparsa , non reunen os requisitos, quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar a súa categoría.

INSCRIPCIÓNS :

Reunión obrigatoria : venres 21 de febreiro, ás 20.00h , no Concello de Sarria.

Inscripción : dende o día seguinte a publicación no B.O.P e ata o 20 de febreiro, ás 12.00h da mañá, a través do impreso da páxina web ,e mediante rexistro no Concello de Sarria. A este impreso deberá adxuntarse o D.N.I. e o certificado da titularidade da conta bancaria onde se fará efectivo o pago das axudas e/ou dos premios, orixinal ou fotocopia.

ACÓRDASE DAR OS SEGUINTE PREMIOS :

Nº1 ADULTOS CARROZAS DE 15 O MÁIS PARTICIPANTES

1º PREMIO: 600€ (suxeito a retención do I.R.P.F)

2º PREMIO: 440€ (suxeito a retención do I.R.P.F)

Nº2 ADULTOS CARROZAS DE MENOS DE 15 PARTICIPANTES

1º PREMIO: 350€ (suxeito a retención do I.R.P.F)

2º PREMIO: 270€

Nº3 ADULTOS COMPARSA DE 15 O MÁIS PARTICIPANTES

1º PREMIO: 380€ (suxeito a retención do I.R.P.F)

2º PREMIO: 320€ (suxeito a retención do I.R.P.F)

Nº4 ADULTOS COMPARSA DE MENOS DE 15 PARTICIPANTES

1º PREMIO: 300€

2º PREMIO: 260€

Nº5 INFANTIL CARROZA

1º PREMIO: 400€ (suxeito a retención do I.R.P.F)

2º PREMIO: 300€

Nº6 INFANTIL COMPARSA DE CENTROS EDUCATIVOS OU ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE SARRIA

1º PREMIO: 450€ (suxeito a retención do I.R.P.F)

2º PREMIO: 360€ (suxeito a retención do I.R.P.F)

3º PREMIO: 240€

4º PREMIO: 180€

Nº7 INFANTIL COMPARSA

1º PREMIO: 260€

2º PREMIO: 210€

Nº8 FORA DA COMARCA

1º PREMIO CARROZA 350€ (suxeito a retención do I.R.P.F)

1º PREMIO COMPARSA 220€

Nº9 MELLOR DISFRAZ EN PARELLA INSCRITA: 100€

Nº10 MELLOR DISFRAZ INDIVIDUAL INSCRITO: 60€

Sarria, 13 de febreiro de 2020.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 0355

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓN (BDNS) – MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DE AXUDAS PARA MELLORAR A EFICIENCIA ENERXÉTICA EN FOGARES NO 2020

BDNS (Identif.): 495743

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria da cal se pode consultar o texto completo na BDNS.

O Concello de Monforte de Lemos ten por obxecto establecer o procedemento específico de prestacións económicas non periódicas destinadas a paliar situación transitorias de necesidade social relacionadas co pagamento de subministracións básicas de enerxía eléctrica, gas, gasoil calefacción e outras fontes de enerxía da vivenda, das persoas e/ou familias que se atopen nunha situación de vulnerabilidade social que teñan a súa residencia no ámbito municipal de Monforte de Lemos coa finalidade de asegurar o acceso continuado destas subministracións básicas promovendo a mellora da eficiencia enerxética e reforzando os procesos de inclusión social.

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán solicitar e ser beneficiarias destas axudas aquelas persoas ou unidades de convivencia que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade ou menor emancipado con menores a cargo.

- Que o solicitante ou unidade familiar independente solicitante estén empadroados e teñan residencia efectiva no termo municipal de Monforte de Lemos cunha antigüidade mínima e ininterrompida de 6 meses. Excepcionalmente, atendendo as circunstancias sociais do caso, poderase eximir do período mínimo de residencia segundo valoración técnica dos servizos sociais.

- Acreditar a situación de necesidade social pola que demanda a axuda orixinada pola insuficiencia de ingresos para afrontar os gastos derivados da situación que xustifica a solicitude de axuda. Considéranse ingresos insuficientes para a aplicación desta medida os ingresos mensuais da persoa solicitante e no seu caso da unidade familiar incluídos salarios, pensións, prestacións, subsidios, rendas e calquera outros ingresos que non superen os importes establecidos na seguinte táboa, referenciada ó IPREM anual de 14 pagas ponderado segundo os membros da unidade familiar:

MEMBROS UNIDADE DE CONVIVENCIA	ÍNDICE IPREM PONDERADO A 14 PAGAS (7.529,76€/ano 2020)	RENDA MÁXIMA MENSUAL DA UNIDADE DE CONVIVENCIA
1	1	627,48€
2	1,2	752,97€
3	1,3	815,72€
4	1,4	878,47€
5	1,5	941,22€
6	1,6	1.003,96€
7 ou +	1,7	1.066,71€

- Ter fixada a súa residencia habitual na vivenda para a que solicita a axuda.
- Ser o titular do contrato da subministración eléctrica ou gas natural e que esté vixente na data de presentación de solicitudes. No caso de ser titular dun contrato de arrendamento, ser o pagador da correspondente factura de subministro da vivenda e non ter coa persoa arrendadora da vivenda alugada relación conxugal ou de parentesco ata o 3º grao nin constituír con aquél unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade conxugal.
- No caso de subministracións eléctricas e gas natural que teñan facturas impagadas.

Segundo. Obxecto:

Estas bases teñen por obxecto establecer o procedemento específico de prestacións económicas non periódicas destinadas a paliar situación transitorias de necesidade social relacionadas co pagamento de subministracións básicas de enerxía eléctrica, gas, gasoil calefacción e outras fontes de enerxía da vivenda, das persoas e/ou familias que se atopen nunha situación de vulnerabilidade social que teñan a súa residencia no ámbito municipal de Monforte de Lemos coa finalidade de asegurar o acceso continuado destas subministracións básicas promovendo a mellora da eficiencia enerxética e reforzando os procesos de inclusión social.

Terceiro. Bases reguladoras:

As bases reguladoras publícanse na páxina web do Concello de Monforte e na BDNS.

Cuarto. Contía:

10.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

Dende o día seguinte á publicación do presente extracto no BOP de Lugo ata o 20/12/2020.

MONFORTE DE LEMOS, 12 DE FEBREIRO DE 2020.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 0375